

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26 de abril de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 23 de marzo de 2018.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de marzo de 2018.
3. Toma de coñecemento dos informes de morosidade previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, correspondentes ao 4º trimestre de 2017 e 1º trimestre de 2018.
4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
5. Ratificación, se procede, do acordo adoptado o día 24 de outubro de 2017, pola Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa (matadoiro), sobre a súa disolución, liquidación, distribución do patrimonio, así como a desestimación das reclamacións.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, para a realización dun Plan Comarcal de transporte e a convocatoria dunha mesa de diálogo para o transporte público.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Somos Maioría pola transparencia e a presentación de contas dos grupos políticos municipais.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en apoio ás reivindicacións das Entidades “Alianza por un rural galego vivo (CIG, FRUGA e ORGACMM) e Cousa de Raíces”, sobre a proposición de Lei, por iniciativa lexislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para o mantemento de pensións dignas para os galegos e galegas.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a celebración das letras galegas.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP de “Melloras urxentes no campo de fútbol de Berdón e no seu entorno”.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada por todos os grupos políticos municipais así como polo Concelleiro non adscrito, en relación co normal desenvolvemento da actividade na Confraría de Carril.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación coa erradicación dos vertedoiros nos nosos montes.

14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación ao Día da Visibilidade Lésbica.
15. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre erradicación do Chabolismo.
16. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Concelleiro non adscrito, D. Miguel Alves Lago, en relación coas carencias e deficiencias que presenta a estrada nacional N640A, dende As Carolinas ata o Hospital do Salnés.
17. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
18. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
19. Rogos e preguntas.
20. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 23 DE MARZO DE 2018.- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 23 de marzo de 2018.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2018: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE MARZO DE 2018:

Nº	DESCRIPCIÓN
2	Concesión de renuncia a expediente de licenza municipal de obras
3	Aceptación desestímulo e arquivo de comunicación de licenza de apertura de establecemento
2	Aceptación desestímulo e arquivo de comunicación de licenza de obras
15	Aceptación de comunicación previa e documentación para inicio e desenvolvemento de actividade
22	Aceptación de comunicación previa e documentación para realización de obras
2	Concesión de licenza para instalación de entrada de carruaxes
8	Concesión de licenza para acometida e/ou conexión á rede de auga e/ou saneamento
1	Concesión de licenza para vertido á rede de saneamento municipal de taller de reparación de vehículos
2	Aceptación de cambio de titularidade de licenza de obras
7	Concesión de licenza municipal para obra maior
5	Concesión de licenza municipal para canalización
2	Concesión de licenza de primeira ocupación
2	Concesión de licenza para legalización de obras
1	Rectificación de Resolución de Alcaldía de prórroga orzamentaria
1	Aprobación de expediente de modificación de saldos iniciais
7	Aprobación de expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes
2	Devolución de ingresos
1	Proposta declaración de fallido
1	Declaración de fallido
1	Aprobación Plan de Control Tributario para o exercicio 2018
1	Autorización á Tesoureira Municipal para realización peticións de información tributaria
11	Compensación de oficio de débito e crédito

- 5 Devolución de ingresos e compensación a instancia de parte
- 1 Concesión de fraccionamento de débeda
- 10 Orde de pago de facturas
- 1 Deixar sen efecto resolución clausura de actividade
- 1 Autorizar desprecinto de local
- 1 Autorización realización de concerto ao aire libre
- 3 Requirimento para presentación informe-ditame de seguridade elementos exteriores de edificación
- 1 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Imposición de multa coercitiva por incumprimento de resolución
- 2 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística e requirimento a titular para limpeza de solar
- 5 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Orde concesión prazo para solicitude de legalización de obras
- 3 Elevar a definitiva a proposta de resolución imposición sanción por infracción de horario de peche de establecemento
- 2 Iniciación de expediente sancionador por infracción de horario de peche de establecemento
- 1 Orde cambio titularidade de fincas no Catastro Inmobiliario
- 1 Desestimación recurso de reposición contra denegación de licenza municipal tenza animais potencialmente perigosos
- 1 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Determinación de servizos mínimos pola convocatoria de folga do 8 de marzo
- 1 Aprobación de lista definitiva de candidatos/as selección e formación dunha bolsa de traballo de Diplomado/a Universitario/a en Educación Social e nomeamento Comisión de Selección
- 1 Aprobación de lista definitiva de candidatos/as selección e formación dunha bolsa de traballo de Diplomado/a Universitario/a en Traballo Social e nomeamento Comisión de Selección
- 1 Aprobación de lista definitiva de candidatos/as selección e formación dunha bolsa de traballo de Diplomado/a Universitario/a en Enfermería e nomeamento Comisión de Selección
- 1 Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións do Mes de febreiro
- 2 Trámite de audiencia por ausencias non xustificadas de empregado do Plan de Emprego RISGA
- 2 Orde dedución proporcional de haberes por ausencia non xustificada de alumnos/as do Obradoiro de Emprego
- 2 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 1 Bases creación bolsa de traballo profesorado de música na especialidade de piano
- 1 Iniciación de procedemento de non concesión de prórroga no servizo activo de empregado municipal
- 1 Desestimación de alegacións de Policía Local sobre datas de gozo de vacacións
- 1 Delegación na 1ª Tenente de Alcalde funcións por ausencia de titular
- 1 Designación de Interventora Accidental
- 2 Designación de Secretaria Xeral en Funcións
- 2 Concesión de gratificación especial pola diferenza das retribucións complementarias por substitución e traballo de categoría superior
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 4 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores por infraccións de tráfico

TOTAL 167

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE COÑECEMENTO DOS INFORMES DE MOROSIDADE PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2017 E 1º TRIMESTRE DE 2018.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do cuarto trimestre de 2017, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.952.831,10	687.002,34
Investimentos reais	625.091,99	27.467,45
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	2.577.923,09	714.469,79

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.165.918,45	37.445,45
Investimentos reais	474.885,96	7.260,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a Orzamento	40.961,30	12.725,16
TOTAL	1.681.765,71	57.430,61

Período medio de pago: 44,41 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	99.729,41	0,00
Investimentos reais	0,00	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	99.729,41	0,00

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	62.491,55	0,00
Investimentos reais	5.837,52	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento		
TOTAL	68.329,07	

Período medio de pago: 29,87 días

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do primeiro trimestre de 2018, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.760.389,07	541.467,76
Investimentos reais	387.473,13	111.745,89
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	2.147.862,20	653.213

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	771.580,77	225.855,67
Investimentos reais	120.010,90	71.314,43
Outros pagos realizados por operacións comerciais		4.751,70
Pendientes de aplicar a Orzamento	119.469,65	52.042,86
TOTAL	1.011.061,32	353.964,66

Período medio de pago:54,21 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	89.444,33	43,56
Investimentos reais	5.837,52	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	95.281,85	43,56

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	22.040,04	0,00
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	96,82	
TOTAL	22.136,86	0,00

Período medio de pago: 38,01 días

A comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figuran presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Xosé Alfredo Pereira Martínez, Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes en relación co asunto que figura co nº 8 da Orde do Día.

- Dona Guadalupe Jueguen Martínez, en relación co asunto que figura co número 12 da Orde do Día.

D. Xosé Alfredo Pereira Martínez, non asiste á sesión, polo que, non se produce a súa intervención.

- Intervén Dona Guadalupe Jueguen Martínez en relación coa moción presentada por tódolos grupos políticos municipais e concelleiro non adscrito, sobre o normal desenvolvemento da actividade na Confraría de Carril (punto 12)

A continuación pasase a tratar o asunto nº 12 da orde do día:

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POR TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS ASÍ COMO POLO CONCELEIRO NON ADSCRITO, EN RELACIÓN CO NORMAL DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE NA CONFRARÍA DE CARRIL.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada por tódolos grupos políticos municipais así como polo Concelleiro non adscrito, en relación co normal desenvolvemento da actividade na Confraría de Carril, coa data de 18 de abril de 2018, do seguinte teor:

Tania García Sanmartín, voceira do PSdeG-PSOE, Elena Suárez Sarmiento, voceira do PP; Jesús López Rodríguez, voceiro de EU-SON; Xavier Ríos González, voceiro do BNG; Gaspar González Somoza, voceiro de Somos e o concelleiro non Adscrito, Miguel Alves Lago someten á consideración do Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía a seguinte moción:

MOCIÓN POLO NORMAL DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DA CONFRARÍA DE CARRIL

Os recentes sucesos na actividade da Confraría de Carril, pola incorporación á actividade marisqueira de sete novas persoas posuídores da autorización para mariscar (PERMEX), tras varios días de conflictividade, remataron en agresións físicas con lesións e denuncias.

Estes sucesos contribuíron a enturbiar a xa alterada actividade na Confraría de Carril, ante a absoluta inacción da Xunta de Galicia e da Consellería do Mar, quen ten a tutela das Confrarías de Galicia.

As confrontacións entre o sector marisqueiro a pé e a Xunta Xeral da Confraría, son unha dinámica habitual na actividade da Confraría. Confrontacións que foron denunciadas por algunhas das mariscadoras na Xunta de Galicia, á Valedora do Pobo e incluso pola vía xudicial.

Ante estas denuncias diante da Xunta de Galicia, a única actuación feita pola Consellería do Mar foi remitir un requirimento á Confraría, instándolle a “cumprir coa legalidade vixente”.

A Valedora do Pobo emitiu un informe dirixido ao Patrón Maior onde se lle esixe o cumprimento cos principios de transparencia, facilitando a información que ten carácter pública para as persoas asociadas á Confraría.

Hai denuncias presentadas por algunha das mariscadoras pola imposibilidade de vender o seu marisco na lonxa, denuncias das que a día de hoxe non hai sentenza.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación de Vilagarcía de Arousa, insta:

1.- Á Xunta Xeral da Confraría de Carril:

a) A normalizar a actividade da Confraría.

b) A cumprir, tal e como se lle require dende a Xunta de Galicia, coa legalidade vixente.

c) A dar cumprimento ao informe da Valedora do Pobo aos principios de transparencia e bo goberno, no exercicio do seu mandato.

2.- Á Xunta de Galicia:

- a) A intervir de maneira eficaz para garantir o normal desenvolvemento da actividade na Confraría de Carril, para evitar a actual conflitividade entre os seus membros.
- b) A garantir o cumprimento da lexislación vixente na xestión da Confraría de Carril e en todas as confrarías de Galicia.

Vilagarcía de Arousa a 18 de abril de 2018.

Tania García Sanmartín
Elena Suárez Sarmiento
Jesús López Rodríguez
Xavier Ríos González
Gaspar González Somoza
Miguel Alves Lago

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes infórmase favorablemente a moción presentada por todos os grupos políticos municipais así como polo Concelleiro non adscrito, en relación co normal desenvolvemento da actividade na Confraría de Carril.-

- Intervén Dona Guadalupe Jueguen Martínez, como integrante do colectivo do marisqueo a pe.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada por tódolos grupos políticos municipais e Concelleiro non adscrito e instar:

1.- Á Xunta Xeral da Confraría de Carril:

- a) A normalizar a actividade da Confraría.
- b) A cumprir, tal e como se lle require dende a Xunta de Galicia, coa legalidade vixente.
- c) A dar cumprimento ao informe da Valedora do Pobo aos principios de transparencia e bo goberno, no exercicio do seu mandato.

2.- Á Xunta de Galicia:

- a) A intervir de maneira eficaz para garantir o normal desenvolvemento da actividade na Confraría de Carril, para evitar a actual conflitividade entre os seus membros.
- b) A garantir o cumprimento da lexislación vixente na xestión da Confraría de Carril e en todas as confrarías de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 18:00 horas incorpórase á sesión a Sra. Mosquera Leal.

5. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO ADOPTADO O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2017, POLA MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DE AROUSA (MATADOIRO), SOBRE A SÚA DISOLUCIÓN, LIQUIDACIÓN, DISTRIBUCIÓN DO PATRIMONIO , ASÍ COMO A DESESTIMACIÓN DAS RECLAMACIÓNS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito remitido pola Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa, no que consta o acordo adoptado o día 24 de outubro de 2017, sobre a disolución da Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa, así como a liquidación e distribución do seu patrimonio (matadoiro), no que consta o informe favorable da Secretaria da Mancomunidade.

Así mesmo achéganse informes da Deputación Provincial e Dirección Xeral de Administración Local.

En base á documentación que se achega, solicítase que pola maioría absoluta do Pleno deste Concello se proceda, de estimarse conveniente, a ratificación do acordo citado de data 24 de outubro de 2017, así como á desestimación das reclamacións presentadas durante o período de exposición ao público por parte de:

- Ramiro Martínez S.L., representada por Ramiro Martínez Señoráns.
- Comunidade de Montes Veciñais en man común de Sobrán, representada por D. Manuel Barcala Santiago.

Polos seguintes motivos:

- A empresa Ramiro Martínez S.L., está na actualidade xestionando o servizo do matadoiro cunha autorización temporal, xa que a concesión das instalacións, iniciada o día 8 de marzo de 1989 rematou o 17 de setembro de 2013 (24 anos de concesión)
- A Comunidade de Montes de Sobrán aínda non se subrogou na posición da Mancomunidade Voluntaria de Municipios de Arousa. A Mancomunidade manterá a súa personalidade xurídica en tanto non sexa adoptado polos Plenos o acordo de ratificación citado que deberá posteriormente ser publicado no Diario Oficial de Galicia e remitido á Dirección Xeral de Administración Local e a Administración Central do Estado.

Nese momento levantarase unha acta nas instalacións do Matadoiro, e comprobarase coa presenza das tres partes (Mancomunidade, Concesionaria e Comunidade de Montes) os elementos, (maquinaria e outros) existentes nesa data e que deberían continuar adscritos ao servizo ata o 31 de decembro de 2020. Fixándose tamén definitivamente os elementos que quedarán nas instalacións e os que poderá retirar a empresa Ramiro Martínez S.L., a partir do día 31 de decembro de 2020, no caso de non continuar coa xestión do servizo.

Vilagarcía de Arousa, 13 de marzo de 2018

O Presidente de Mancomunidade;

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación do acordo da Comisión Xestora da Mancomunidade de Municipios de Arousa, de data 24 de outubro de 2017 sobre a disolución, liquidación e distribución do seu patrimonio, así como á desestimación das reclamacións presentadas durante o período de exposición ao público por parte de Ramiro Martínez S.L., representada por Ramiro Martínez Señoráns e Comunidade de Montes Veciñais en man común de Sobrán, representada por D. Manuel Barcala Santiago, polos motivos expostos.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría absoluta aprobar a ratificación do acordo da Comisión Xestora da Mancomunidade de Municipios de Arousa, de data 24 de outubro de 2017 sobre a disolución, liquidación e distribución do seu patrimonio, así como á desestimación das reclamacións presentadas durante o período de exposición ao público por parte de Ramiro Martínez S.L., representada por Ramiro Martínez Señoráns e Comunidade de Montes Veciñais en man común de Sobrán, representada por D. Manuel Barcala Santiago, polos motivos expostos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA, PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN COMARCAL DE TRANSPORTE E A CONVOCATORIA DUNHA MESA DE DIÁLOGO PARA O TRANSPORTE PÚBLICO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, coa dat de 17 de abril de 2018, a través da sede electrónica do Concello, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 26 de abril de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN COMARCAL DE TRANSPORTE E A CONVOCATORIA DUNHA MESA DE DIÁLOGO PARA O TRANSPORTE PÚBLICO

Pola súa ubicación, Vilagarcía está singularmente ben comunicada co resto de vilas e cidades do eixo atlántico, tanto en transporte público coma en privado. Non obstante, existen dúas eivas que limitan as potencialidades da nosa localización. A primeira é a económica, derivada do alto custo do transporte ferroviario ou das taxas da AP9. A segunda resulta da deficiente comunicación por transporte público co resto da contorna.

En relación á primeira, o PSdeG-PSOE presentou unha moción para o abaratamento dos custos das tarifas RENFE co cambio de denominación de Media Distancia a Cercanías. Compartimos o contido da moción, acorde coa nosa aposta por un transporte público sostible e accesible a tódolos petos, pero pensamos que non podemos quedarnos en medidas puntuais con serias dificultades para prosperar, senón que debemos ter máis ambición e traballar nun plan que non se circunscriba só a Vilagarcía, senón inclúa todas as vilas da comarca polos motivos seguintes:

- As potencialidades en materia de transporte de Vilagarcía só se desenvolverán completamente acadando a efectiva vertebración da comarca.
- Só a través do diálogo e o consenso entre os concellos da comarca seremos quen de incorporar as distintas realidades, buscando o equilibrio entre as necesidades específicas de cada unha, polo que non é lóxico excluír os concellos que a compoñen cando se formulan cuestións importantes que lles afectan, como pode ser o caso da estación intermodal para Vilagarcía.
- Ao facer fronte común teremos maior capacidade de influencia nas administracións competentes, feito fundamental para acadar resultados.

En conclusión, Vilagarcía, concello principal da comarca do Salnés, debe impulsar un proxecto de traballo entre concellos do que resulte a dinamización do transporte público, con consecuencias positivas en sectores como o turismo pero, principalmente, para o benestar e mobilidade das persoas. Os novos tempos esixen novos modelos cooperativos e a creación de redes colaborativas. Vilagarcía debe afrontar o seu papel con xenerosidade e altura de miras.

Pero é evidente que falando de transporte, non queremos quedar no municipal ou comarcal, senón que temos que ir máis alá. Galiza necesita outra política de transporte, unha política integral que teña como obxectivo prioritario a articulación territorial do país, articulación vertebrada nunha interconexión de calidade entre áreas metropolitanas, núcleos, zonas periurbanas e rurais, capaz de dar resposta ás demandas de mobilidade presentes e futuras. Resulta pois, fundamental, transcender a dimensión espacial do termo transporte e introducir a dimensión social que leva implícita a mobilidade, dimensión social transversalizada en todo momento por un elemento clave: a accesibilidade.

Estamos nun momento transcendental para poder contar cun Plan de Transporte Público de Galiza que dea respostas concretas e efectivas a problemáticas históricas. O límite temporal fixado pola Lei 10/2016 de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte Público obriga á aprobación do Plan de Transporte 22 meses despois da súa entrada en vigor, polo que se conta cun horizonte duns meses por diante para a súa aprobación. Temos, polo tanto, a OPORTUNIDADE E A RESPONSABILIDADE de acometer coa máxima premura os traballos necesarios para que a elaboración do Plan de Transporte de Galiza conte coa máxima participación e diálogo social, garante de que se fixe como eixo fundamental a optimización do servizo en base a criterios de rendibilidade social, sustentabilidade, transparencia e necesidade. Temos a oportunidade e a responsabilidade de que dito plan sexa froito dunha planificación integral da mobilidade do país artellada baixo os principios de solvencia técnica, rigor técnico e máxima seguridade xurídica.

A sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo, que anulou 129 concesións de transporte público por estrada, prorrogadas pola Xunta apelando a criterios contrarios á lei, dan boa conta do desleixo e irresponsabilidade co que foi tratado un sector estratéxico para o noso país. Un sector no que o Partido Popular leva décadas favorecendo a creación dun mercado do transporte en beneficio das grandes compañías, poñendo por riba dos dereitos das persoas, criterios mercantís e de redución de custos.

É unha obriga para o futuro do noso país mudar o rumbo. Galiza non entrará no século XXI ata ter unha rede de transporte público de calidade e cómpre poñer todos os esforzos en acadala. Con ese obxectivo é fundamental a defensa dos seguintes principios básicos:

1. Garantir o dereito á mobilidade: fundamentada no beneficio social e na búsqueda de mellora de calidade de vida da poboación, reducindo os tempos empregados nos desprazamentos e garantindo que se poidan exercer dentro de parámetros de equidade e xustiza social, con independencia de renda e lugar de residencia.

2. Garantir un transporte público de calidade, alternativa real ao vehículo privado, con independencia dos factores socioeconómicos das persoas usuarias. Un transporte público de calidade será aquel que se perciba como atractivo e útil de forma transversal, cunha tipoloxía de usuario que abrangue todas as franxas de idade, renda ou lugar de residencia.

3. Mellorar a calidade ambiental e impulsar a soberanía enerxética. Dispoñer dun transporte público efectivo incidirá nun uso racional do vehículo privado. Este feito leva aparellada indubidablemente unha redución de emisións de CO₂ e de gases contaminantes, así como unha diminución do consumo enerxético global.

4. Garantir a accesibilidade en todo o transporte público.

5. Apostar polo equilibrio territorial e pola proximidade: A rede de transporte público debe ser vector de equilibrio entre os territorios, garantindo o acceso a servizos a toda a poboación con independencia do seu lugar de residencia. Debe requirir especial atención o fomento dun transporte de proximidade.

6. Impulsar o dinamismo económico: A mobilidade debe permitir favorecer o atractivo das actividades terciarias, converténdose nun instrumento para desenvolvemento económico do país, contribuíndo en definitiva á dinamización económica do mesmo.

7. Integrar todos os colectivos e administracións. Deben estar integrados todos os colectivos e axentes con implicación na materia de xeito colaborativo, ao tempo que se debe contar con todas as administracións para traballar a prol dun dereito de toda a poboación.

Dado que un novo modelo de mobilidade que vertebre un novo modelo de país só responderá ás necesidades reais da poboación se é froito do diálogo social dentro dun marco de colaboración activa e só responderá a criterios de beneficio social sobre os beneficios monetarios se é nun marco de participación social e transparencia, os grupos municipais de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) consideran imprescindible constituír unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público con representantes da Xunta, sindicatos e empresas do sector, concellos e deputacións, direccións de colexios e ANPAS, ademais de asociacións civís que sumen representatividade, coñecementos e capacidade propositiva para podermos, así, artellar un espazo de información, deliberación, debate e deseño participativo do novo Plan de Transporte Público de Galiza. Por todo isto, é polo que propoñemos a adoción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO:

O Concello instará o Goberno Galego a impulsar unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público co fin de dotarnos dun Plan de Transporte Público en base aos seguintes obxectivos:

- Deseñar unha rede de transporte colectivo atractivo polo número de frecuencias e rutas, baixo as premisas de fiabilidade, puntualidade, accesibilidade e competitividade en tempos.

- Artellar o país coa lóxica metropolitana e comarcal, impulsando medidas como a conexión coas cabeceiras de comarca, implantación de aparcamentos disuasorios nas contornas das áreas urbanas e introdución do transporte urbano onde non exista.

- Impulsar a intermodalidade implementando “sistemas de xestión e tarifarios unificados para para incluír, ademais dos autobuses urbanos e metropolitanos, novas opcións coma os ferrocarrís de proximidade, tranvías e metros lixeiros, transporte marítimo metropolitano, etc.

- Deseñar unha rede de transporte colectivo tendo en contas as diferentes áreas funcionais, dando cobertura e conexión aos principais nodos atractores de mobilidade como hospitais, universidades, polígonos industriais, estacións etc.

- Fomentar o uso doutras formas de mobilidade sostible, tanto ciclista coma peonil.

- Fomentar o uso de medios de transporte eléctricos e de gas natural.

- Garantir a mobilidade en espazos rurais e zonas de baixa densidade de poboación mediante a implantación progresiva de concesións zonais, uso de vehículos de transporte colectivo de menor tamaño e outras iniciativas como programas de transporte a demanda ou transporte escolar compartida.

- Desenvolver sistemas integrados de transporte colectivo nos espazos de maior densidade litoral como as Rías Baixas e a Mariña de Lugo, incluíndo o transporte marítimo metropolitano dentro da oferta do transporte público.
- Sincronizar a oferta de transporte público cos incrementos de demanda estacionais relacionados co turismo, garantindo a calidade do servizo e dando resposta ás demandas específicas derivadas de dita actividade, mediante aumento de frecuencias e rutas.
- Adaptar a oferta de transporte público aos incrementos de demanda relacionados cos calendarios escolares e universitarios e relación desta cos fluxos de mobilidade específicos da comunidade educativa e universitaria. Supresión da estacionalidade relacionada cos calendarios escolares e universitarios cando isto supoña unha redución de oferta e unha diminución da calidade do servizo.
- Incluír a perspectiva de xénero no deseño das redes de transporte público, horarios, rutas, paradas e equipamentos, así como impulsar medidas que resolvan as carencias do transporte público colectivo no referente á percepción de seguridade.
- Aumentar a partida orzamentaria para a mellora do transporte público.

SEGUNDO:

O Concello instará o Goberno Galego a que a proposta do Novo Plan de Transporte se tramite conforme ao art. 142 do Regulamento do Parlamento para permitir o debate en comisión.

TERCEIRO:

O Concello, dada a súa situación de vial principal da comarca, liderará a creación dunha Mesa de Diálogo para o Transporte Público que teña en conta as necesidades de transporte comúns e o equilibrio entre as realidades dos distintos concellos. Serán obxectivos desta mesa:

- Elaborar un Plan de Transporte Público para a comarca, seguindo os principios básicos antes descritos, con independencia de que a Xunta tome en consideración a petición do primeiro punto.
- Facer fronte común para demandar o Plan de Transporte acordado.

CUARTO:

O Concello tomará as medidas oportunas para implementar varias melloras no transporte da vila, que redundarían nunha gran mellora do servizo e o aumento do seu uso:

1. Sinalar correctamente a localización de todas as paradas de autobús.
2. Instalar paneis informativos en cada parada, con información polo miúdo de percorridos, horarios, etc.
3. Publicar na web municipal toda a información de rutas, paradas, horarios e prezos.
4. Implantación da aplicación para teléfono móbil que da información sobre a posición dos autobuses e as horas estimadas de chegada ás paradas. Esta aplicación xa está a ser empregada noutros concellos de Galicia.

En Vilagarcía de Arousa, a 15 de xaneiro de 2018.

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría para a realización dun Plan Comarcal de transporte e a convocatoria dunha mesa de diálogo para o transporte público.

- O Grupo Municipal do PSG-PSOE propón o seguinte engadido: Dar traslado á Mancomunidade do Salnés da Moción.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, xunto co engadido, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría e,
PRIMEIRO:

Instar ao Goberno Galego a impulsar unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público co fin de dotarnos dun Plan de Transporte Público en base aos seguintes obxectivos:

- Diseñar unha rede de transporte colectivo atractivo polo número de frecuencias e rutas, baixo as premisas de fiabilidade, puntualidade, accesibilidade e competitividade en tempos.
- Artellar o país coa lóxica metropolitana e comarcal, impulsando medidas como a conexión coas cabeceiras de comarca, implantación de aparcamentos disuasorios nas contornas das áreas urbanas e introdución do transporte urbano onde non exista.
- Impulsar a intermodalidade implementando “sistemas de xestión e tarifarios unificados para para incluír, ademais dos autobuses urbanos e metropolitanos, novas opcións coma os ferrocarrís de proximidade, tranvías e metros lixeiros, transporte marítimo metropolitano, etc.
- Diseñar unha rede de transporte colectivo tendo en contas as diferentes áreas funcionais, dando cobertura e conexión aos principais nodos atractores de mobilidade como hospitais, universidades, polígonos industriais, estacións etc.
- Fomentar o uso doutras formas de mobilidade sostible, tanto ciclista coma peonil.
- Fomentar o uso de medios de transporte eléctricos e de gas natural.
- Garantir a mobilidade en espazos rurais e zonas de baixa densidade de poboación mediante a implantación progresiva de concesións zonais, uso de vehículos de transporte colectivo de menor tamaño e outras iniciativas como programas de transporte a demanda ou transporte escolar compartida.
- Desenvolver sistemas integrados de transporte colectivo nos espazos de maior densidade litoral como as Rías Baixas e a Mariña de Lugo, incluíndo o transporte marítimo metropolitano dentro da oferta do transporte público.
- Sincronizar a oferta de transporte público cos incrementos de demanda estacionais relacionados co turismo, garantindo a calidade do servizo e dando resposta ás demandas específicas derivadas de dita actividade, mediante aumento de frecuencias e rutas.
- Adaptar a oferta de transporte público aos incrementos de demanda relacionados cos calendarios escolares e universitarios e relación desta cos fluxos de mobilidade específicos da comunidade educativa e universitaria. Supresión da estacionalidade relacionada cos calendarios escolares e universitarios cando isto supoña unha redución de oferta e unha diminución da calidade do servizo.
- Incluír a perspectiva de xénero no deseño das redes de transporte público, horarios, rutas, paradas e equipamentos, así como impulsar medidas que resolvan as carencias do transporte público colectivo no referente á percepción de seguridade.
- Aumentar a partida orzamentaria para a mellora do transporte público.

SEGUNDO:

Instar ao Goberno Galego a que a proposta do Novo Plan de Transporte se tramite conforme ao art. 142 do Regulamento do Parlamento para permitir o debate en comisión.

TERCEIRO:

O Concello, dada a súa situación de vial principal da comarca, liderará a creación dunha Mesa de Diálogo para o Transporte Público que teña en conta as necesidades de transporte comúns e o equilibrio entre as realidades dos distintos concellos. Serán obxectivos desta mesa:

- Elaborar un Plan de Transporte Público para a comarca, seguindo os principios básicos antes descritos, con independencia de que a Xunta tome en consideración a petición do primeiro punto.
- Facer fronte común para demandar o Plan de Transporte acordado.

CUARTO:

O Concello tomará as medidas oportunas para implementar varias melloras no transporte da vila, que redundarían nunha gran mellora do servizo e o aumento do seu uso:

1. Sinalar correctamente a localización de todas as paradas de autobús.
2. Instalar paneis informativos en cada parada, con información polo miúdo de percorridos, horarios, etc.
3. Publicar na web municipal toda a información de rutas, paradas, horarios e prezos.
4. Implantación da aplicación para teléfono móbil que da información sobre a posición dos autobuses e as horas estimadas de chegada ás paradas. Esta aplicación xa está a ser empregada noutros concellos de Galicia.

Dar traslado do presente acordo ao Pleno da Mancomunidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE SOMOS MAIORÍA POLA TRANSPARENCIA E A PRESENTACIÓN DE CONTAS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría coa data de 18 de abril de 2018, a través da sede electrónica do Concello, do seguinte teor:

Gaspar Antonio González Somoza, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG), ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de abril de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN POLA TRANSPARENCIA E A PRESENTACIÓN DE CONTAS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 24 do vindeiro mes de maio vanse cumprir tres anos da celebración das Eleccións Municipais e, polo tanto, axiña habemos entrar no último ano do presente mandato 2015-2019, cuxa Corporación Municipal se formou o 13 de xuño de 2015.

Foi precisamente neste mandato cando se puxo en marcha a nova Sede Electrónica do Concello que inclúe un apartado de Transparencia ao que a cidadanía de Vilagarcía de Arousa ten acceso para informarse sobre as distintas actividades, orzamentos, ordenanzas municipais, etc. Nese apartado da Sede Electrónica no que se achega información económica do Concello bótase en falta a información sobre o diñeiro que os grupos políticos municipais reciben cada mes para gastos de mantemento.

Debera ser de obrigado cumprimento que quen temos a responsabilidade de representar a cidadanía conformando os distintos grupos municipais informásemos puntualmente dos movementos económicos que temos nas nosas contas bancarias nas que se ingresan mensualmente, por parte do Concello -e polo tanto por parte da cidadanía da nosa vila- unhas cantidades que ascenden a 7.500€, o que implica unha suma anual de 90.000€ dos que as cidadás e os cidadáns de Vilagarcía de Arousa descoñecen a que se destinan.

A este respecto da obriga de presentar as contas dos grupos municipais, a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 73, apartado 3, di que:

"A efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigas que se establezan, con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

O Pleno da corporación, con cargo aos Orzamentos anuais da mesma, poderalles asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Nese mesmo apartado 3, o texto da lei di tamén que:

"Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación á que se refire o parágrafo segundo deste apartado 3, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida".

No mesmo sentido, desde o Departamento de Intervención, realizouse o informe (REF: CV-148/2016), sobre a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e da FPSDM, correspondente ao exercicio orzamentario de 2015, aprobada na Sesión Plenaria celebrada o 29 de setembro de 2016, no que se daba conta de que se "debe xustificar o detalle das subvencións concedidas aos grupos políticos constituídos na Corporación Local, especificando o concepto, importe recoñecido e os pagos realizados", proceso que ata este momento non se completou.

Por todo isto, en base ao esixido pola mencionada Lei, é polo que con esta moción preténdese acabar con esta situación de falta de información á cidadanía sobre as distintas actividades ás que van destinadas as

partidas económicas que o Concello de Vilagarcía de Arousa lles achega aos Grupos Políticos Municipais. Polo tanto, en base ao exposto previamente, preséntase a seguinte proposta de ACORDO

1• O Concello de Vilagarcía de Arousa esixiralles aos distintos Grupos Políticos que conforman a Corporación Municipal que presenten, antes de cumprírense tres anos do presente mandato 2015-2019, as contas correspondentes aos ingresos e gastos dos diferentes grupos para a súa fiscalización por parte do Departamento de Intervención.

2• O Concello de Vilagarcía de Arousa esixiralles igualmente a todos os Grupos Políticos Municipais que de xeito anual presenten as súas contas ao remate de cada exercicio económico.

3• Toda a información achegada polos Grupos Políticos Municipais no referente aos seus ingresos e gastos deberase facer pública subíndoa ao “Portal de Transparencia” da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Gaspar Antonio González Somoza

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría pola transparencia e a resutación de contas dos grupos políticos municipais.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción do grupo municipal de Somos Maioría e,

1• Esixir aos distintos Grupos Políticos que conforman a Corporación Municipal que presenten, antes de cumprírense tres anos do presente mandato 2015-2019, as contas correspondentes aos ingresos e gastos dos diferentes grupos para a súa fiscalización por parte do Departamento de Intervención.

2• Esixir igualmente a todos os Grupos Políticos Municipais que de xeito anual presenten as súas contas ao remate de cada exercicio económico.

3• Toda a información achegada polos Grupos Políticos Municipais no referente aos seus ingresos e gastos facerase pública subíndoa ao “Portal de Transparencia” da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DAS ENTIDADES “ALIANZA POR UN RURAL GALEGO VIVO (CIG, FRUGA E ORGACCMM) E COUSA DE RAÍCES”, SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 18 de abril de 2018, a través da sede electrónica do Concello, do seguinte teor:

O Bng, facéndose eco das reivindicacións das entidades, ALIANZA POR UN RURAL GALEGO VIVO (CIG, FRUGA e ORGACMM) e COUSA DE RAÍCES, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en pleno, sobre proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais.

As entidades ALIANZA POR UN RURAL GALEGO VIVO (CIG, FRUGA e ORGACMM) e COUSA DE RAÍCES están a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, que na súa exposición de motivos sinala o seguinte:

Exposición de motivos

A pesar da importancia da superficie de monte en Galiza, por volta dos 2/3 do total do territorio, as políticas aplicadas desde a entrada en vigor do Plano Forestal (1992) non conseguiron compatibilizar os aspectos produtivos do monte coa conservación dos hábitats naturais, particularmente dos bosques autóctonos, historicamente degradados e cada día máis diminuídos en relación coas plantacións de árbores de crecemento rápido.

O devandito Plano Forestal cun horizonte de aplicación de 40 anos (2032) visaba unha extensión máxima do eucalipto dunhas 245.000 hectáreas. No primeiro Inventario Forestal Nacional (IFN I) de 1972/73, o eucalipto estaba presente nun total de 131.181 hectáreas. Para o máis recente (IFN IV), realizado en Galiza no ano 2009, o eucalipto estendérase xa por 433.915 hectáreas entre masas puras e mixtas. A finais de 2016 a superficie de eucaliptais en Galiza podería superar xa as 500.000 hectáreas, duplicando a falta de 13 anos as previsións máximas do Plano Forestal de 1992. En proporción ao total do territorio, a especie cobre xa case o 17% de Galiza, mentres que en Portugal non chega ao 9%. A intensidade de ocupación da nosa terra é por tanto dupla que no país veciño. Este dato chama a atención non só pola importante superficie que representa, senón tamén porque de todos os estados europeos, só España e Portugal permiten o monocultivo desta árbore.

Nos últimos tempos unha nova especie de eucalipto, o *Eucalyptus nitens*, engadiuse aos plantíos, ocupando a espazos antes vetados para o *E. globulus*, dada a súa maior resistencia ao frío. O *E. nitens* foi considerado polo Comité científico de flora e fauna silvestres do Ministerio español do ambiente como unha “especie exótica en expansión, con alto risco de invasión e perigosa para a biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas”. Malia non estar formalmente incluído no Catálogo estatal de especies exóticas e invasoras, o *E. nitens* éo. En consecuencia, as administracións públicas deberían prohibir o seu cultivo en todo o territorio galego e poñer en marcha un plano de control e erradicación naquelas áreas nas que xa estea presente.

Este forte aumento do eucalipto vese favorecido por un modelo de explotación do monte intensamente forestalista, que aposta pola produción de madeira con pouco valor engadido. Tamén ten a ver co abandono agrario, o despoboamento e o declive do medio rural galego, caldo de cultivo para os lumes forestais, favorecidos pola mudanza climática e o carácter pirófilo das especies forestais empregadas.

Tamén a aplicación dunha Política Agraria Común (PAC), tanto por parte do goberno galego como español, que destrúe ás economías familiares en beneficio das multinacionais mediante a imposición de prezos ridículos sobre as producións agrarias e gandeiras, provoca o abandono do mundo rural e favorece a extensión do monocultivo de especies de crecemento rápido sobre as terras agrarias abandonadas.

A falla dun modelo produtivo sustentábel, multifuncional e socialmente inclusivo, fai que o destino de moitos montes e terras agrarias remate sendo o monocultivo, nomeadamente de eucalipto, substituíndo ás frondosas autóctonas, e finalmente o lume. Esta ocupación está a atinxir tamén aos espazos protexidos e ás terras agrarias, contravindo unha lexislación por veces demasiado permisiva e discrecional. Faise imperativo, xa que logo, aumentar as cautelas e clarexar as determinacións legais, garantindo o cumprimento das normas e abordando a recuperación dos usos orixinais e a rexeneración dos hábitats degradados por plantíos ilegais.

Constatamos tamén a escasa superficie ocupada polos montes de xestión pública. A vocación primeira destes espazos debería ser a conservación dos valiosos hábitats naturais, chave para ao amortecemento dos efectos do cambio climático, a conservación da biodiversidade e a redución do impacto dos lumes forestais. Malia ao aprobado no Plano Forestal de 1992, 25 anos despois seguimos sen contar cun inventario de masas de frondosas autóctonas, ferramenta fundamental para poder planificar non só medidas de conservación, senón tamén para deseñar estratexias de xestión que maximicen os beneficios do bosque autóctono.

Somos conscientes de que o aproveitamento forestal intensivo con especies alóctonas, pirófilas e de crecemento rápido comporta o deterioro de servizos ecosistémicos que como a diversidade natural, a dispoñibilidade de auga, a fertilidade do solo, ou a calidade paisaxística, son importantes para a vida e o

mantemento das actividades económicas da nosa sociedade. Os monocultivos de pirófilas, quer para madeira, pasta ou biomasa (cultivos enerxéticos) inciden tamén na maior frecuencia e intensidade dos lumes; na contaminación de terras e rías con agroquímicos e vertidos das celulosas; no empobrecemento da biodiversidade e no avance da erosión, provocando perdas económicas directas e lucro cesante.

Este modelo forestal contribúe tamén a fosilizar importantes cantidades de recursos públicos a través do PLADIGA –plano de loita contra o lume- que custa anualmente arredor de 150 millóns de euros.

Os modelos de aproveitamento do monte que apostan pola multifuncionalidade de usos, pola utilización das especies autóctonas, e polo mantemento dos servizos ecosistémicos que estas prestan á sociedade, deberían estar primados con incentivos directos e indirectos –exencións-, mesmo sen ter unha fin produtiva. Os nosos bosques naturais prestan un importante servizo á sociedade, polo que semella lóxico que esta repercuta parte dos beneficios a aquelas comunidades e propietarios/as que apostan pola súa conservación e aproveitamento sustentábel.

Tendo en conta estas consideracións e dado o peso territorial do monte galego, faise urxente adoptar as seguintes medidas para garantir a súa xestión sustentábel e a adaptación aos retos do cambio climático.

Por todos estes motivos, o Bng, solicita do Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa, a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais, que se está a impulsar polas entidades e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

Pontevedra, 18 de abril de 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG en apoio ás reivindicacións das Entidades “Alianza por un rural galego vivo (CIG, FRUGA e ORGACMM) e Cousa de Raíces”, sobre a proposición de Lei, por iniciativa legislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción do grupo municipal do BNG e,

Primeiro.- Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais, que se está a impulsar polas entidades e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 19:55 horas suspéndese a sesión ata as 20:20 horas para acudir á concentración, celebrada diante do Concello, con motivo da sentenza xudicial do Caso da “MANADA”.

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA O MANTEMENTO DE PENSIÓNS DIGNAS PARA OS GALEGOS E GALEGAS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 16 de abril de 2018 a través da sede electrónica do Concello, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA O MANTEMENTO PENSIÓNS DIGNAS PARA OS GALEGOS E GALEGAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa ao mantemento de pensións dignas para os Galegos e galegas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dúbidas que se están a xerar arredor da viabilidade do sistema público de pensións son interesadas para favorecer precisamente os plans privados e seguir no camiño de recorte das pensións públicas. No Bloque Nacionalista Galego, assistimos con preocupación as novas propostas que está a facer o Goberno español, como a ampliación do cómputo de cálculo a toda a vida laboral, que afondan na mesma liña. O traballo a realizar ten que ir xusto na dirección contraria, na de recuperar os dereitos eliminados nos últimos anos coa excusa da crise.

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron na liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais. Atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do iva, da auga, da luz, dos carburantes...Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15-20 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.

Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.

Por todo o anteriormente exposto, sométese a consideración do Pleno da Corporación do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para que proceda a:

□ Derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas as demais normativas que as desenvolven.

□ Á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital, para favorecer a creación de emprego de calidade como mellor vía para garantir ingresos que permitan o pago das pensións.

◦ Recoñecer o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.

◦ Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.

◦ Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de 15 anos da súa vida laboral.

◦ Estabelecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.

◦ Estabelecer a actualización anual en base ao IPC.

◦ Eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.

◦ Reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía.

◦ Demandar que as empresas, con centro de traballo en Galiza paguen os impostos e as cotizacións sociais aquí.

2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

Vilagarcía de Arousa, 16 de abril 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG para o mantemento de pensións dignas para os galegos e galegas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais de EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), oito abstencións pertencentes aos membros do grupo municipal do PSG-PSOE e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción do grupo municipal do BNG para o mantemento de pensións dignas para os galegos e galegas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA A CELEBRACIÓN DAS LETRAS GALEGAS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 18 de abril de 2018, a través da sede electrónica do Concello, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS LETRAS GALEGAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa **a celebración das letras galegas perante o mes de maio.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo día 17 de maio vaise celebrar un ano máis o día das letras galegas, que desta vez estará dedicado a figura de María Victoria Moreno Márquez escritora e profesora estremeña de nacemento, e galega de adopción “ a miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor” manifestaba . Unha Autora que non debemos esquecer estivo vinculada a Vilagarcía de Arousa onde impartiu clases entre os anos 1973 – 75.

Nuns tempos nos que o noso idioma esta a ser afastado por parte dos distintos gobernos dende a Xunta e do Estado, ten máis valor figuras como a desta escritora que acolleu ao galego como lingua, ó enriqueceu coa súa obra e transmitiuno con toda convicción, a pesares de ter sufrido represalias por parte do poder establecido por elo.

Por outra banda, dado o retroceso que ven sufrindo no seu uso a nosa lingua, e polo tanto a necesidade de revitalizar o noso idioma; dende o BNG consideramos necesario que o goberno de Vilagarcía de Arousa, aproveite esta data de cara a reivindicar un compromiso firme e decidido para coa nosa lingua e a nosa cultura. Dende o BNG entendemos que nuns tempos, nos que os datos indican un alarmante descenso do galego, a difusión do coñecemento da obra dos nosos autores faise máis necesaria que nunca para as galegas e galegos, especialmente para as xeracións máis novas.

Por este motivo O BNG, presenta ao pleno de Vilagarcía de Arousa, esta moción para aprobación da posta en marcha desta serie de iniciativas perante o próximo mes de maio para promover tanto a obra deste autor, como o coñecemento da nosa cultura e uso do noso idioma. Deste xeito o BNG propón a este pleno do concello de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo deste mes de Maio. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover accións como:

- a) Pendurar nos balcóns das casas de cultura, franxas con partes das obras desta autora, procurar espazos para realizar murais, graffitis,....para conmemorar este día.
- b) Solicitar a colaboración das asociacións de comerciantes e hostaleiros para a súa implicación na celebración desta data, con iniciativas que contribúan a espallar a nosa cultura e lingua (tipo carteis da autora e tamén chamando ao uso do galego, concursos, ofertas especiais nesta data,...).
- c) Realizar lecturas públicas da obra da autora en lugares destacados do concello, nos que o alumnado dos centros de ensino e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan un papel protagonista.
- d) Desenvolver actividades para promover o coñecemento da figura desta autora e da súa obra a través seminarios, conferencias, mesas redondas, música, teatro, danza,.... ou calquera outra actividade cultural.
- e) Realización dunha feira do libro galego na que participen e se dinamice con diferentes actuacións, tipo: conta contos, gaiteros, teatro na rúa,...

2.- Dar cumprimento ao espírito e ao establecido na Lei de Normalización Lingüística e tanto dende o Concello como dende o goberno nas súas comunicacións escritas e orais se use o galego.

Vilagarcía de Arousa a 14 de abril do 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG para a celebración das letras galegas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción do grupo municipal do BNG e,

1.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo deste mes de Maio. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover accións como:

- a) Pendurar nos balcóns das casas de cultura, franxas con partes das obras desta autora, procurar espazos para realizar murais, graffitis,....para conmemorar este día.
- b) Solicitar a colaboración das asociacións de comerciantes e hostaleiros para a súa implicación na celebración desta data, con iniciativas que contribúan a espallar a nosa cultura e lingua (tipo carteis da autora e tamén chamando ao uso do galego, concursos, ofertas especiais nesta data,...).
- c) Realizar lecturas públicas da obra da autora en lugares destacados do concello, nos que o alumnado dos centros de ensino e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan un papel protagonista.
- d) Desenvolver actividades para promover o coñecemento da figura desta autora e da súa obra a través seminarios, conferencias, mesas redondas, música, teatro, danza,.... ou calquera outra actividade cultural.
- e) Realización dunha feira do libro galego na que participen e se dinamice con diferentes actuacións, tipo: conta contos, gaiteros, teatro na rúa,...

2.- Dar cumprimento ao espírito e ao establecido na Lei de Normalización Lingüística e tanto dende o Concello como dende o goberno nas súas comunicacións escritas e orais se use o galego.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE “MELLORAS URXENTES NO CAMPO DE FÚTBOL DE BERDÓN E NO SEU ENTORNO”.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 18 de abril de 2018, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de abril de 2018 a seguinte MOCIÓN:

“Melloras urxentes no campo de fútbol de Berdón e no seu entorno”

EXPOÑEN

O Partido Popular de Vilagarcía canaliza as peticións dos responsables do Club Vilagarcía S.D.; dos usuarios do campo municipal e dos seus pais e nais, así como as queixas habituais de todos aqueles que visitan o recinto deportivo e o entorno no se que ubica o campo de Berdón.

A estampa habitual é a de lixo e voluminosos arroxados a escasos metros da entrada principal ó campo, no que arredor de 300 cativos entrenan e xogan cada semana. A isto hai que engadir que todos os equipos visitantes marchan de Vilagarcía cunha imaxe profundamente negativa polo abandono existente, ó que se suman as queixas polas deficiencias que presenta actualmente o campo no seu interior, tanto no terro de xogo coma no resto de instalacións (vestiarios, gradas, accesos, etc).

O pasado xoves 12 de abril os usuarios e directivos do clube vilagarcían amosaron públicamente o seu descontento coa xestión do goberno municipal socialista, a quen xa lle manifestaron as súas queixas en repetidas ocasións, sen obter resultados, o que provocou unha concentración da que se fixeron eco os medios de comunicación.

As peticións máis importantes dependen directamente da vontade política do goberno municipal, desde a limpeza ós horarios de apertura ou a dotación de material nos vestiarios, onde a pasada tempada se rexistrou un grave accidente dun menor que sufríu un traumatismo craneoencefálico ó esvarar nas duchas, que carecen dos elementos de seguridade solicitados.

Postos en contacto directo cos dirixentes do clube e reunidos cos pais e nais dos usuarios do campo de Berdón, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía recolle o paquete de medidas que solicitan sexan arranxados á maior brevidade posible e que son os seguintes:

- **FALLA DE SINALIZACIÓN E INDICACIÓNS:** Nos accesos ó campo, tanto por Trabanca Badiña como pola Torre, o que evitaría que os equipos visitantes e afeccionados non se perdan, como ocorre habitualmente.

- **POSIBILIDADE DE IMPLANTACIÓN DO SENTIDO ÚNICO DE CIRCULACIÓN:** Estudiar, cos informes técnicos pertinentes (Policía Local), a implantación do sentido único de circulación nos accesos ó campo, especialmente as fins de semana, cando a actividade deportiva nas instalacións son maiores.

- **NECESIDADE DE APARCAMENTO:** É unha das peticións máis reclamadas porque nunha mesma xornada pódense disputar ata 6 encontros distintos, o que conleva un importante número de desprazamentos en vehículos particulares e mesmo en autobús e non hai lugar onde aparcar.

- **ELEVAR A ALTURA DO PECHER PERIMETRAL DO RECINTO:** A escasa altura do muro que pecha perimetralmente o recinto permite o acceso de persoas sen autorización ou en horarios nos que o campo está sen uso. Non é a primeira vez que se detecta no interior presenza de persoas alleas ó campo e sen permiso.

- **RODEADOS DE LIXO E VOLUMINOSOS:** O entorno do campo é un auténtico vertedoiro incontrolado de lixo e voluminosos. Algún dos puntos onde se concentran esta moreas de basura está a escasos metros da entrada principal do campo.

- **SEN INAUGURACIÓN, IDENTIFICACIÓN E NOME DO CAMPO:** Actualmente o campo de Berdón carece de paneis informativos que indiquen que se trata dun campo de fútbol. Do mesmo xeito non se fixo un acto de inauguración ó efecto e mesmo carece dun nome propio.

- **AUSENCIA DE MARCADOR E DE WIFI:** O campo de Berdón non conta con marcador, a pesar de que se disputan un elevado número de encontros cada semana. Do mesmo xeito, a instalación non dispón de servizo Wifi, carencia de dificulta notablemente o labor dos colexiados, que elaboran as súas actas de partido on line desde os propios terreos de xogo.

- **ILUMINACIÓN DEFICIENTE:** A iluminación das torretas do campo é insuficiente para cubrir con garantías os adestramentos e os partidos e existen incontables queixas sobre a deficiente intensidade das mesmas.

- **O TERREO ESTÁ AFUNDIDO:** O terreo de xogo non ten unha superficie uniforme e presenta zonas que están notablemente afundidas. O caso máis evidente e mesmo perigoso é o situado á altura do almacén.

- **GRADERÍO EN PÉSIMO ESTADO:** A grada presenta zonas con óxido e detéctanse, cando chove, presenza de agua, que provoca esvaramentos e caídas, como aconteceu esta mesma tempada. Do mesmo xeito, os accesos precisan dunha revisión urxente porque hai zonas irregulares que supoñen un risco para os afeccionados.

- **ACCIDENTES NOS VESTIARIOS:** A pasada tempada un menor tivo que ser trasladado de urxencia ó hospital cun forte traumatismo ó esvarar nas duchas porque non existe ningún tipo de elemento de seguridade. As instalacións, tanto na zona de duchas coma nos baños precisan de investimento urxente.

- **QUEIXAS POLOS HORARIOS DE APERTURA:** Existen numerosas queixas polos retrasos do persoal municipal no momento de abrir as instalacións de Berdón. A directiva solicita unha solución inmediata, que podería vir pola asignación dun conserxe fixo para este campo ou pola concesión dun permiso para que sexa o clube o encargado de abrir.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía de Arousa, en consenso co Club Vilagarcía S.D

SOLICITA

o Que por parte do Concello de Vilagarcía se atendan ás peticións que reclaman os usuarios e directivos do Club Vilagarcía S.D, e que se relatan na parte expositiva desta moción, á maior brevidade posible, para que os centos de usuarios deste campo poidan practicar deporte en condicións de comodidade, seguridade e salubridade, e non como o teñen que facer actualmente.
Asdo. Ana Granja – Concelleira do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PP de melloras urxentes no Campo de Fútbol de Berdón e no seu entorno.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción do grupo municipal do PP e atender as peticións que reclaman os usuarios e directivos do Club Vilagarcía S.D, e que se relatan na parte expositiva da moción, á maior brevidade posible, para que os centos de usuarios deste campo poidan practicar deporte en condicións de comodidade, seguridade e salubridade, e non como o teñen que facer actualmente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE EN RELACIÓN COA ERRADICACIÓN DOS VERTEDOIRO NOS NOSOS MONTES.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 18 de abril de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN: ERRADICACIÓN DOS VERTEDOIRO NOS NOSOS MONTES

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A problemática dos vertidos e a proliferación de vertedoiros incontrolados é unha realidade nos nosos montes.

Periodicamente van aparecendo en diferentes lugares, maiormente nas ladeiras dos montes de Xiabre e Lobeira, pero é unha práctica que se dá en numerosos puntos do termo municipal de Vilagarcía de Arousa. En meses pasados a Mancomunidade de Montes denunciou diante da Xunta de Galicia a existencia de máis de vinte e cinco vertedoiros, feito que a Xunta de Galicia ignorou e non iniciou ningún tipo de actuación para a erradicación dos mesmos.

A presenza de vertedoiros, ademáis dos inconvintes que provocan, suciedade, contaminación de acuíferos, maior risco en caso de lume forestal,... supón un esforzo económico moi importante. Todo isto a pesares de quen en Vilagarcía existe un punto limpo e un servizo de recollida porta a porta dúas veces ao mes. Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal socialista de Vilagarcía somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a exercer o control e a vixilancia dos montes de Vilagarcía de Arousa poñendo en coñecemento dos propietarios dos montes a existencia de vertidos coa finalidade para evitar a proliferación dos vertedoiros.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a proceder á limpeza dos vertedoiros ubicados nos montes da súa titularidade en Vilagarcía de Arousa e colaborar economicamente coas restantes entidades propietarias.
- 3.- Dar traslado deste acordo aos voceiros parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de abril de 2018

Asdo. A voceira do PSdeG-PSOE

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentda polo grupo municipal do PSG-PSE en relación coa erradicación dos vertedoiros nos nosos montes.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción do grupo municipal do PSG-PSOE e,

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a exercer o control e a vixilancia dos montes de Vilagarcía de Arousa poñendo en coñecemento dos propietarios dos montes a existencia de vertidos coa finalidade para evitar a proliferación dos vertedoiros.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a proceder á limpeza dos vertedoiros ubicados nos montes da súa titularidade en Vilagarcía de Arousa e colaborar economicamente coas restantes entidades propietarias.
- 3.- Dar traslado deste acordo aos voceiros parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE EN RELACIÓN AO DÍA DA VISIBILIDADE LÉSBICA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 18 de abril de 2018, do seguinte teor:

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación ao Día da Visibilidade Lésbica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que se conmemorase por vez primeira en España, fai agora dez anos, o Día da Visibilidade Lésbica lembra cada 26 de abril a realidade en que viven as mulleres lesbianas no mundo, denuncia a discriminación á que aínda ven sometidas e reivindica políticas públicas que garantan a erradicación da lesbofobia.

Temos que lembrar que as mulleres que desexan e aman a outras mulleres non só foron perseguidas, encarceradas, torturadas e asasinadas por ese motivo ao longo da historia remota e recente no noso país, tanto de forma institucional como particular; a día de hoxe a persecución institucional segue producíndose en moitas partes do planeta, e en moitos estados a práctica da homosexualidade segue sendo considerada delituosa e vulnéranse de forma sistemática os dereitos xerais das mulleres.

Do mesmo xeito, mesmo naqueles países que, como o noso, foron pioneiros no recoñecemento de dereitos para as persoas LGTB a través de iniciativas do Partido Socialista como a Lei 13/2005, que fixo posible o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, ou a Lei 3/2007, que posibilitaba o cambio rexistral para as persoas trans e que será actualizada proximamente; mesmo nos países que avanzamos no recoñecemento dos dereitos humanos das persoas LGTB seguimos observando intolerables casos de discriminación, tanto na esfera do institucional como a pé de rúa, onde é habitual que sigan producíndose agresións contra mulleres lesbianas, como desvelan os datos dos diferentes observatorios contra a LGTBfobia que están a denunciar esta situación.

Polo antes exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa presenta ante o Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta as autoridades competentes a:

- Garantir a seguridade das mulleres lesbianas e a inviolabilidade das súas liberdades a través dunha lexislación que persiga de forma efectiva os delitos de odio e garanta a igualdade de trato entre toda a cidadanía, que forme adecuadamente ao funcionariado, fundamentalmente nos ámbitos da xustiza e as forzas de seguridade, para sensibilizalo fronte ás diferentes formas de discriminación que soportan as mulleres, con especial mención do caso das mulleres lesbianas; e que incida de forma específica e transversal no sistema educativo, para asegurar que a totalidade do alumnado, independentemente de se é educado en centros públicos, concertados ou privados, accede a información veraz e contrastada sobre a realidade das mulleres lesbianas.
- Implementar diferentes sistemas de información e sensibilización sobre a realidade das mulleres lesbianas para o persoal sanitario, así como protocolos médicos claros que non presuman a heterosexualidade das pacientes, para garantir así a adecuada atención sanitaria de todas as mulleres. Do mesmo xeito, modificar a lexislación sobre reprodución asistida para que recoñeza a situación das mulleres solteiras e das mulleres emparelladas con outras mulleres, e garantir o seu acceso ás técnicas de reprodución asistida en igualdade de condicións ao das parellas de diferente sexo.
- Asegurar o libre acceso ao noso territorio a todas as persoas solicitantes de asilo que argumenten ser perseguidas con motivo da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero.

19 de abril 2018

Tania García Sanmartín

Voceiro/a do G. M. do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE en relación ao Día da Visibilidade Lésbica.

- O grupo municipal de EU presenta a seguinte emenda de adición:

- Incluir nas políticas municipais de Xuventude e de Persoas Maiores unha perspectiva de diversidade sexual e identidade de xénero, que visibilice e aborde a realidade das mulleres lesbianas e as súas problemáticas específicas nas distintas etapas da vida.
- Solicitar á Consellería de Educación, Cultura e Deporte que aproben e desenvolvan, en colaboración cos Consellos Escolares, protocolos para previr e erradicar os casos de acoso

escolar ou “Bullying” que sofren nenas e adolescentes lesbianas pola súa orientación sexual ou expresión de xénero nos centros educativos.

- O grupo municipal do PSG-PSOE acepta os engadidos.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coa emenda do grupo municipal de EU da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción do grupo municipal do do PSG-PSOE e instar ás autoridades competentes a:

- Garantir a seguridade das mulleres lesbianas e a inviolabilidade das súas liberdades a través dunha lexislación que persiga de forma efectiva os delitos de odio e garanta a igualdade de trato entre toda a cidadanía, que forme adecuadamente ao funcionariado, fundamentalmente nos ámbitos da xustiza e as forzas de seguridade, para sensibilizalo fronte ás diferentes formas de discriminación que soportan as mulleres, con especial mención do caso das mulleres lesbianas; e que incida de forma específica e transversal no sistema educativo, para asegurar que a totalidade do alumnado, independentemente de se é educado en centros públicos, concertados ou privados, accede a información veraz e contrastada sobre a realidade das mulleres lesbianas.

- Implementar diferentes sistemas de información e sensibilización sobre a realidade das mulleres lesbianas para o persoal sanitario, así como protocolos médicos claros que non presuman a heterosexualidade das pacientes, para garantir así a adecuada atención sanitaria de todas as mulleres. Do mesmo xeito, modificar a lexislación sobre reprodución asistida para que recoñeza a situación das mulleres solteiras e das mulleres emparelladas con outras mulleres, e garantir o seu acceso ás técnicas de reprodución asistida en igualdade de condicións ao das parellas de diferente sexo.

- Asegurar o libre acceso ao noso territorio a todas as persoas solicitantes de asilo que argumenten ser perseguidas con motivo da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero.

- Incluir nas políticas municipais de Xuventude e de Persoas Maiores unha perspectiva de diversidade sexual e identidade de xénero, que visibilice e aborde a realidade das mulleres lesbianas e as súas problemáticas específicas nas distintas etapas da vida.

- Solicitar á Consellería de Educación, Cultura e Deporte que aproben e desenvolvan, en colaboración cos Consellos Escolares, protocolos para previr e erradicar os casos de acoso escolar ou “Bullying” que sofren nenas e adolescentes lesbianas pola súa orientación sexual ou expresión de xénero nos centros educativos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Auséntase do Pleno o Sr. Mouriño Santiago.

15. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 18 de abril de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN: ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 08 de abril conmemorouse o Día Internacional do Pobo Xitano.

As principais reivindicacións do colectivo este ano foron combater a desigualdade colectiva e a exclusión, mellorar a cualificación profesional para favorecer o acceso ao mercado laboral e a erradicación da segregación en barrios e escolas.

En Vilagarcía de Arousa existen dende fai moitos anos varios asentamentos chabolistas, principalmente no entorno de Berdón en Trabanca Badiña e en Cornazo de Arriba onde residen numerosas persoas de etnia xitana.

A Xunta de Galicia establece na Lei de Inclusión Social de Galicia como áreas de intervención social especial aquelas áreas urbanas ou periurbanas nas que se acredite unha concentración significativa ou anómala de situacións de exclusión social nas que conflúa, entre outras, unha degradación urbanística, manifestada na presenza de infravivenda e chabolismo.

No ano 2016 o Alcalde Vilagarcía de Arousa nunha xuntanza co Conselleiro de Política Social plantexoulle a necesidade de actuar, nos dous principais asentamentos chabolistas de Vilagarcía, e actuar como se fixera no asentamento de Peñamoa en A Coruña. Onde se desmantelou o poboado e as familias foron reubicadas en vivendas normalizadas favorecendo a súa integración social. A día de hoxe, a Consellería de Política Social non iniciou ningún avance neste sentido.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal socialista de Vilagarcía somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia, á Conselleira de Política e ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a iniciar un Plan especial de erradicación do chabolismo nos asentamentos ubicados en Vilagarcía de Arousa, contando para elo coa máxima colaboración do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- Dar traslado deste acordo aos voceiros parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de abril de 2018

Asdo. A voceira do PSdeG-PSOE

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE sobre erradicación do chabolismo.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político do PSG-PSOE e,

1.- Instar á Xunta de Galicia, á Conselleira de Política e ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a iniciar un Plan especial de erradicación do chabolismo nos asentamentos ubicados en Vilagarcía de Arousa, contando para elo coa máxima colaboración do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- Dar traslado deste acordo aos voceiros parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 21:50 horas auséntase do Pleno a Sra. Mosquera Leal.

16. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELEIRO NON ADSCRITO, D. MIGUEL ALVES LAGO, EN RELACIÓN COAS CARENCIAS E DEFICIENCIAS QUE PRESENTA A ESTRADA NACIONAL N640A, DENDE AS CAROLINAS ATA O HOSPITAL DO SALNÉS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 23 de abril de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago, coa data de 15 de marzo de 2018, do seguinte teor:

Miguel Alves Lago, na súa condición de Concelleiro non adscrito da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa e do acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A carretera nacional, N640A, dende As Carolinas ata o Hospital do Salnés, presenta unha serie de deficiencias e carencias que prexudican á circulación por este vial. O mal estado das beirarrúas xeneran ademais moitos inconvenientes e molestias.

Por unha banda a ausencia de beirarrúas ata o Hospital supón un serio perigo para moitas persoas que acoden a este Centro hospitalario camiñando, así mesmo, as beirarrúas entre As Carolinas eo o acceso ao Pazo de Rubiáns, presentan problemas de accesibilidade, principalmente para persoas con mobilidade reducida, cadeiras de rodas, cadeiras das crianzas e peóns en xeral, carecendo de rampas e con elementos que dificultan o paso.

Así mesmo, non existen suficientes pasos de peóns que faciliten o cruce da veciñanza, nalgúns casos absolutamente necesario pola existencia de paradas de autobuses.

Por todo o anteriormente exposto, o Concelleiro non adscrito somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Instar ao Ministerio de Fomento a acometer as seguintes melloras:

- Arranxar as beirarrúas existentes e construír novas beirarrúas ata o Hospital do Salnés, tendo en conta as prescricións da Lei de Accesibilidade.
- Retirar elementos que dificulten o paso polas beirarrúas (postes eléctricos, telefónicos...)
- Dotar de pasos de peóns as seguintes zonas: Rotonda das mans, accesos a Cea, Castroagudin e Sentín na contorna da parada de autobús escolar e dotar ademais este paso dun semáforo.

Vilagarcía de Arousa, 15 de marzo de 2018.

Miguel Alves Lago.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as Concelleiro non adscrito informa favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Concelleiro non adscrito, D. Miguel Alves Lago, en relación coas carencias e deficiencias que presenta a estrada nacional N640A, dende As Carolinas ata o Hospital do Salnés.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción do Concelleiro non adscrito e Instar ao Ministerio de Fomento a acometer as seguintes melloras:

- Arranxar as beirarrúas existentes e construír novas beirarrúas ata o Hospital do Salnés, tendo en conta as prescricións da Lei de Accesibilidade.

- Retirar elementos que dificulten o paso polas beirarrúas (postes eléctricos, telefónicos....)
- Dotar de pasos de peóns as seguintes zonas: Rotonda das mans, accesos a Cea, Castroagudin e Sentín na contorna da parada de autobús escolar e dotar ademais este paso dun semáforo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180426&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 22:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.